

ACTA NÚM. 10/2023.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 9 DE AGOSTO DE 2023.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 9 de agosto de 2023, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

-. PP:
ADRIÁN GARCÍA GARCÍA.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.

-. BNG:
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asisten:
MARÍA FARIÑA BELLÓN.
TERESA A. ANDRADE CARRILLO.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

-
- 1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 26.06.2023 E 29.06.2023.
 - 2º) DACIÓN DE CONTA DE DESIGNACIÓN POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE COMPOÑENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.
 - 3º) DACIÓN DE CONTA DE DESIGNACIÓN POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE REPRESENTANTE NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA.
 - 4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2022.
 - 5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2024.

6º)) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE O POS+ADICIONAL 2/2023 (2ª FASE).

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 3/2023.

10º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º E 2º TRIMESTRES DE 2023.

11º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º E 2º TRIMESTRES DE 2023.

12º) DACIÓN DE CONTA DE INFORME-RESUME DOS RESULTADOS DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2022.

13º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2022.

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATAS 26.06.2023 E 29.06.2023.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo ás actas das sesións anteriores núm. 8/2023, do 26.06.2023 e núm. 9/2023, do 29.06.2023.

Sometidas a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobalas.

2º) DACIÓN DE CONTA DE DESIGNACIÓN POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE COMPOÑENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Por secretaría, de orde do Sr. Alcalde, deuse lectura ao escrito de designación de compoñentes das comisións informativas permanentes, asinado polo voceiro titular Adrián García García, quedando coa seguinte composición:

1-. Comisión Informativa Especial de Contas.

- 1 representante do grupo municipal do PP:

Titular: Adrián García García.

Suplente: Waldo Carballo García.

2-. Comisión Informativa de Servizos.

- 1 representante do grupo municipal do PP:

Titular: Trinidad Yolanda Rico Rodríguez.

Suplente: Waldo Carballo García.

O Pleno toma coñecemento.

3º) DACIÓN DE CONTA DE DESIGNACIÓN POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE REPRESENTANTE NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA.

Por secretaría, de orde do Sr. Alcalde, deuse lectura ao escrito de designación de representante na asemblea referenciada, asinado polo voceiro titular Adrián García García, quedando coa seguinte designación:

1. MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA:

1.1. Asemblea:

-. Un representante do grupo municipal do PP:

Titular: Waldo Carballo García.

Suplente: Adrián García García.

O Pleno toma coñecemento.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2022.

Dada conta da proposta da alcaldía do 03.05.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 08.08.2023, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este Concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2021 e o 31 de decembro de 2022, nos seguintes termos:

ALTAS

1. INMOBLES:

1100042 PARCELAS NA URBANIZACIÓN DEVESA DA GÁNDARA. No ano 2022, na parcela ZV, realizáronse obras de mellora e cubrición do parque infantil, incluídas no proxecto de: Cubrición do parque infantil do Inxerido.

As obras consistiron na instalación de xogos infantís (multixogo con columpio dobre, tobogán e rede de trepar, balancín dobre e casiña), instalación de pavimento de céspede artificial sobre o pavimento de caucho existente, e construción dunha cuberta sobre o parque.

As obras, realizadas con fondos propios do concello, foron adxudicadas á empresa Construcciones Lemos Martínez S.L., por resolución da alcaldía do 12.09.2022, por importe de 48.327,40 € e recibidas o 20.10.2022.

VALOR.....48.327,40 €

1100068 PARCELAS NO LUGAR DE LAMIÑO, AREA DE REPARTO Nº 8, POLÍGONO 1, DO PLANO XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. Finca nº2. No ano 2022 realizáronse obras de construción dun parque canino incluídas no proxecto de: Creación dun parque canino no paseo fluvial do Río Pego.

As obras consistiron na instalación dun parque canino, pechado con valado de malla, no que se instalaram os diferentes elementos de xogo para os cans, así como bancos, iluminación e papeleiras.

As obras, realizadas con fondos propios do concello, foron adxudicadas á empresa Cocigal S.L., por resolución da alcaldía do 03.10.2022, por importe de 47.018,28 € e recibidas o 07.12.2022.

VALOR.....47.018,28 €

12231402 SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGAS A LAMIÑO. No ano 2022 realizáronse obras de ampliación da rede de abastecemento e saneamento en Lamiño, incluídas no proxecto de: Ampliación das redes de abastecemento e saneamento na aldea de Lamiño. As obras consistiron na ampliación de 103 metros da rede de abastecemento e 190 metros da rede de saneamento, instalando novos tramos de canalización.

As obras foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS+2021, por importe de 33.880,00 €. Foron adxudicadas á empresa Prace, Servicios y Obras S.A., por resolución da alcaldía do 02.12.2021 e recibidas o 04.08.2022.

VALOR..... 33.880,00 €

12231602 FOSA SEPTICA DE TOURIS. No ano 2022 realizáronse obras de ampliación da rede de abastecemento e pluviais de Tourís, incluída no: Proxecto das redes de saneamento e pluviais na aldea de Tourís. As obras consistiron na ampliación de 204 metros da rede de saneamento e 50 metros da rede de pluviais, instalando novos tramos de canalización.

As obras foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS+2021, por importe de 35.831,85 €. Foron adxudicadas á empresa Juan Lago Construción S.L., por resolución da alcaldía do 04.03.2022 e recibidas o 14.09.2022.

VALOR..... 35.831,85 €

12231602 FOSA SEPTICA DE TOURIS. No ano 2022 realizouse a acometida de fecais e pluviais para unha vivenda na aldea de Tourís, para conectala coa rede xeral municipal. A obra, realizada con fondos propios do concello, foi adxudicada á empresa Prace Servicios y Obras SA, por resolución da alcaldía do 19.10.2022, por importe de 6.629,77 €.

VALOR..... 6.629,77 €

No ano 2021 realizáronse obras de ampliación das redes de abastecemento e saneamento en San Salvador e O Cabo, incluídas no proxecto de: Ampliación das redes de abastecemento e saneamento nas aldeas de San Salvador e O Cabo. As obras, realizadas nos seguintes lugares, consistiron en:

12231301 SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGAS A SAN SALVADOR E SOUTULLOS: ampliación de 255 metros de lonxitude da rede de abastecemento e 320 metros da rede de saneamento, instalando novos tramos de canalización.

12231218 SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGAS NO CABO: ampliación de 126 metros da rede de saneamento, instalando novos tramos de canalización.

As obras foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS+2021, por importe de 35.255,84 €. Foron adxudicadas á empresa Alcomte Galicia S.L., por resolución da alcaldía do 23.08.2021 e recibidas o 20.12.2021.

VALOR..... 35.255,84 €

1224002 PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BRION. No ano 2022 realizáronse obras de renovación do pavimento do pavillón municipal incluídas no proxecto de: Renovación do pavimento da pista do pavillón polideportivo de Brión.

As obras consistiron na renovación da pista interior aplicando unha capa de resina en toda a superficie da pista e posterior marcaxe dos distintos xogos (fútbol sala, balonmán, baloncesto, minibasket, tenis, voleibol e tres círculos concéntricos para patinaxe), tamén mediante resina de poliuretano.

As obras, realizadas con fondos propios do concello, foron adxudicadas á empresa Tarrío y Suárez S.L., por resolución da alcaldía do 25.11.2022, por importe de 46.129,13 € e recibidas o 12.12.2022.

VALOR..... 46.129,13 €

1224002 PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BRION. No ano 2022 realizáronse obras de substitución de luminarias no pavillón municipal incluídas no proxecto de: Instalación de 24 luminarias no pavillón municipal.

As obras consistiron na substitución das 24 luminarias existentes, con traslado de 16 delas para dar unha iluminación mais uniforme ao pavillón.

As obras, realizadas con fondos propios do concello, foron adxudicadas á empresa Instalacións Mymelec Enerxía S.L., por resolución da alcaldía do 24.11.2022, por importe de 11.596,64 € e recibidas o 12.12.2022.

VALOR..... 11.596,64 €

1224002 PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BRIÓN.- No ano 2022 realizáronse as seguintes obras:

.- Instalación de tres tellados con cuberta de cristal e soportes de tubo de aluminio na entrada de cada unha das portas de acceso ao pavillón, por importe de 5.566,00 €.

.- Instalación de chapas de aluminio lacado en branco mate, en todo o corredor interior do pavillón, por importe de 4.295,50€.

VALOR..... 9.861,50 €

1224006 TERREOS ADSCRITOS O CAMPO DE FUTBOL DE BASTAVALES. No ano 2022, instalouse o seguinte material:

.- Un termo eléctrico vertical modelo cabel, de 150 litros: 556,60 €

.- Un termo eléctrico vertical modelo cabel, de 200 litros: 580,80 €

VALOR..... 1.137,40 €

1522101 MONTE DE PÉRROS – REBOREDO.- No ano 2022 realizáronse obras de pavimentación da travesía de Bastavaliños, incluídas no: Proxecto de pavimentación da travesía de Bastavaliños. As obras consistiron na pavimentación de 2.290 metros de estrada, con mestura bituminosa descontinua, construción de pasos de peóns elevados e redutores físicos de velocidade con mestura bituminosa en quente e rematouse con sinalización horizontal e vertical.

As obras foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do POS+2021, e adxudicáronse por resolución da alcaldía do 22.10.2021 á empresa Francisco Gómez y Cía S.L., por importe de 111.606,00 € e foron recibidas o 08.09.2022.

VALOR.....111.606,00 €

1522202 CHAVE DE PONTE (NORTE).- No ano 2022 realizáronse obras de mellora deste vial incluídas no proxecto de: Bacheo de pista en Chave de Ponte, Bastavales. As obras consistiron no bacheo do vial e posterior rego con imprimación asfáltica e aporte de grava.

As obras, realizadas con fondos propios do concello, foron adxudicadas á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcións SA, por resolución da alcaldía do 25.11.2022, por importe de 16.092,99 € e recibidas o 16.12.2022.

VALOR..... 16.092,99 €

1522217 ACCESOS A VILAS.- No ano 2022 realizáronse obras de reforzo e mellora deste viario, incluídas no proxecto de: Reforzo e mellora estrutural do acceso á aldea de Vilas, Bastavales. As obras consistiron en consolidar os muros de pedra tradicionais existentes, que serven de suxeición do vial pola marxe esquerda, debido ao desnivel de terreo de aproximadamente 3 metros e de contención pola marxe dereita, posto que existen fincas en altura.

As obras, realizadas con fondos propios do concello, foron adxudicadas á empresa Excavaciones Pérez Lois S.L., por resolución da alcaldía do 28.11.2022, por importe de 45.375,00 € e recibidas o 16.12.2022.

VALOR..... 45.375,00 €

1524403 GRONZO – VERTEDOIRO.- No ano 2022 realizáronse obras de mellora de diversos camiños municipais incluídas no proxecto de: Mellora de camiños municipais: Camiño de Rañalonga. As obras consistiron no mantemento e mellora de camiños de terra basicamente e na mellora dos accesos, mediante o perfilado do camiño, coa apertura de cunetas en ámbalas marxes e aporte de árido (zahorra), con posterior rega e compactación mecánica.

As obras, realizadas con fondos propios do concello, foron adxudicadas á empresa Eulogio Viñal, Obras y Construcciones S.A., por resolución da alcaldía do 21.09.2022, por importe de 48.329,99 € e recibidas o 20.10.2022.

VALOR..... 48.329,99 €

No ano 2022 realizáronse obras de mellora dos firmes dos camiños incluídos no proxecto de: Camiño de Igrexa a Soigrex (Bastavales) e outros. As obras, realizadas nos seguintes lugares, consistiron en:

1522211 A IGREXA - CASA DE VILAS.- Pavimentación con aglomerado en quente de 465 metros de estrada, previa limpeza de gabias e posterior pintado da sinalización horizontal.

1224007 PISTA POLIDEPORTIVA DA IGREXA-BASTAVALES.- Mellora do firme da pista deportiva de 560 m², sita en Soigrex.

1522101 MONTE DE PÉRROS – REBOREDO.- Pavimentación con aglomerado en quente de 220 metros, tramo do vial que vai dende o cruce onde se atopa o lavadoiro ata o límite municipal, previa limpeza de gabias e posterior pintado da sinalización horizontal.

As obras foron adxudicadas a Francisco Gómez y Cía S.L., por resolución da alcaldía do 03.06.2022, por importe de 48.190,00 €. As obras foron recibidas o 23.09.2022.

VALOR..... 48.190,00 €

No ano 2022 realizáronse obras de melloras de diversos camiños municipais incluídos no proxecto: Modificado camiño de Amañecida ata A Graña e outros. As obras consistiron en mellorar o firme dos camiños, con aplicación dunha nova capa de rodadura, limpeza de gabias para mellor drenaxe, pintado das marcas viais, adaptación de entradas e posta a cota de tapas de pozos, arquetas, reixas e sumidoiros, nos seguintes lugares:

1510001 AMAÑECIDA – ENCORO.

1510006 GUNDIN - IGREXA DE BASTAVALES.

1510004 CACHEIRO – TEMBRA.

1522107 CHAVE DE PONTE - RIO TINTO.

1524103 PEDROUZOS – GULDRIS.

1524102 A IGREXA – CACHEIRO.

1100042 PARCELAS NA URBANIZACIÓN DEVESA DA GÁNDARA. Parcela VSL, viario de sistemas locais.

1100036 PARCELAS NO POLIGONO DO BALADO.

1524206 GRUPO ESCOLAR – CUARTEL. Aquí creouse unha plataforma elevada no acceso ao CEIP de Pedrouzos e o IES de Brión, de 20 cm. con pavimento coloreado de formigón.

1522101 MONTE DE PÉRRROS – REBOREDO.

As obras, realizadas con fondos propios do concello, foron adxudicadas á empresa Construcciones Ponciano Nieto S.L., por resolución da alcaldía do 22.06.2021, por importe de 1.117.473,87 € e recibidas o 29.11.2022.

VALOR..... 1.117.473,87 €

No ano 2022 realizáronse obras de melloras dos parques infantís de Guitiande e da Escola dos Ánxeles, incluídas no: Proxecto de mellora dos parques infantís de Guitiande e da Escola dos Ánxeles.

As obras realizadas no parque de Guitiande, epígrafe 1224008 PARQUE INFANTIL DE GUITIANDE, por importe de 37.059,08 €, consistiron en:

- .- Reparar o peche perimetral en mal estado.
- .- Executar a rampla no acceso que dispón de escaleiras.
- .- Reparar o pavimento de caucho continuo e instalar sobre o mesmo céspede artificial.
- .- Habilitar unha zona con unha mesa e dous bancos, sendo necesario mover da súa posición orixinal o xogo de muelle e o xogo de escalada.
- .- Substituír as porterías con canasta da pista deportiva e executar un novo piso de formigón coloreado antiesbarante e pintar as liñas para fútbol sala, baloncesto e tenis.

As obras realizadas no parque da Escola dos Ánxeles, epígrafe 1222002 EDIFICIO ESCOLAR NOS ANXELES, por importe de 10.828,69 €, consistiron en:

- .- Limpar todo o conxunto utilizando hidrolimpadoras nos muros e gradas existentes.
- .- Restaurar o multixogo en forma de tren.
- .- Crear un novo pavimento de area en todo o parque.
- .- Instalar un banco.

As obras, realizadas con fondos propios do concello, foron adxudicadas á empresa Construcciones Caldevergazo S.L. por resolución da alcaldía do 19.10.2022, por importe de 47.887,77 € e recibidas o 21.12.2022.

VALOR..... 47.887,77 €

1222002 EDIFICIO ESCOLAR NOS ANXELES.- No ano 2022, colocouse no parque infantil da escola do Ánxeles, unha barandilla galvanizada de 30 ml., que foi subministrada por Fax Ferro S.L., segundo resolución do 28/10/2022, por importe de 7.600,01 €.

VALOR..... 7.600,01 €

5. VEHÍCULOS.

5000051.- FURGÓN de servizos varios de primeira saída para atención ás emerxencias, marca WOLKSWAGEN, modelo CRAFTER, número de bastidor WVZZZSYZN9022431, matrícula 8602LXB.

Este vehículo foi cedido en propiedade a título gratuíto pola Axencia Galega de Emerxencias ao Concello de Brión, con destino ao servizo de emerxencias, segundo acordo asinado o 31/05/2022.

VALOR.....45.689,60 €

5000052.- CAMIÓN GRÚA con colector para implantar un punto limpo móbil, marca IVECO/GRUAUTO, modelo 35C16, número de bastidor ZCFCE35B30D717732, sendo a carrocería do vehículo de caixa aberta basculante e leva instalada unha grúa HC 43 A3, con número de serie HC 430564, matrícula 5593MBS.

Este vehículo foi subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ao abeiro da Orde do 1 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Foi adquirido por resolución da alcaldía do 10.10.2022, á empresa Grúas y Autoventas Betanzos SL, por importe de 70.180,00 €, e recibido o 24.10.2022.

VALOR.....70.180,00 €

5000053.- CAMIÓN IVECO, modelo MP190E35W, número de bastidor WJMB1VNS40C203067, matrícula 4146GFS.

Foi adquirido no ano 2022 á empresa DANARTE S.L., por importe de 18.029,00 €, con destino ao servizo municipal de obras.

VALOR.....18.029,00 €

5000054.- CAMIÓN IVECO, modelo ML180E24, número de bastidor ZCFA1TJ0102385088, matrícula 2743BXR.

Foi adquirido no ano 2022 á empresa DANARTE S.L., por importe de 18.029,00 €, con destino ao servizo municipal de obras.

VALOR.....18.029,00 €

7. MOBLES:

7010003 NAS OFICINAS XERAIS

3 licenzas microsoft office 2019: 1.633,50 €

SAI online monofásico: 3.205,29 €

Portátil lenovo Thinkbook: 1.228,15 €

Disco duro: 212,29 €

PC intel nuc: 845,80 €

4 sillóns confidente modelo apolo carcasa branca tecido negro: 832,48 €

Monitor Asus Full HD negro: 156,09 €

Kit de teclado + rato inalámbrico logitech: 290,40 €

Ordenador de sobremesa intel: 1.423,50 €

VALOR.....9.827,50 €

7010008. NA OFICINA DA POLICIA LOCAL

Frigorífico dunha porta con conxelador: 229,00 €

1 PC lenovo: 793,52 €
1 Impresora konica: 484,00 €

VALOR.....1.506,52 €

7.02.- NO PAVILLON

9 unidades de madeira para bancos: 2.958,38 €
Bancadas con perfilaría galvanizada para bancos en pavillón: 2.565,20 €

VALOR.....5.523,58 €

7.03. NA ESCOLA DE MÚSICA.

Marimba modelo Adams Solist MSPV43 Voyager: 2.964,50 €
3 monitores 24" LG LED FULL HD: 508,20 €
Kit de teclado + rato logitech inalámbrico: 42,35 €

VALOR.....3.515,05 €

7.05. XULGADO DE PAZ.

Moble para arquivos con pechadura, cor branco: 648,56 €

VALOR..... 648,56 €

7.07. GARAXE-ALMACÉN.

Serra circular manual: 630,16 €
Podadora Stihl: 350,00 €.
1 carpa, con estrutura de aluminio e lonas de cor verde, con cerramento lateral de cor verde:
5.660,86 €

VALOR..... 6.641,02 €

7.08. CASA DA CULTURA.

Fotocopiadora Konica Minolta: 1.034,55 €
Disco duro externo: 142,17 €

VALOR..... 1.176,72 €

7100004.- ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.

1 balancín modelo GUS: 955,72 €
Multixogos modelo klasik 4 básico: 8.592,73 €
Raandeira modelo curvo: 1.689,71 €
Balda larga con soportes ocultos de 2,86x38x3: 118,58 €
Balda pequena con soporte ocultos de 1,60x40x3: 67,76 €
2 mesas abatibles de 160x60x46: 508,20 € (254,10 €/unid)
4 mesas abatibles de 160x60x46: 1.016,40 € (254,10 €/unid)
Altavoz sonos move all in one: 410,00 €
Porta de entrada dunha folia de carpintería de PVC acabada en cor branco: 2.407,90 €

Toldo plano con estrutura de aluminio lacada en cor branco: 3.616,69 €
 Protectores de esquina: 2.214,74 €
 Lousa de formigón na zona dos columpios para colocación de caucho por encima: 2.976,60 €
 Pavimento amortiguador na zona do parque exterior: 7.075,00 €
 1 monitor 24" LG LED FULL HD: 169,40 €
 VALOR.....31.819,43 €

7.13. PROTECCIÓN CIVIL.

Instalación de 2 focos no exterior da base: 1.375,17 €
 Sistema de arnés fixo STX 540: 208,12 €
 Tango tableiro espiral, pediatra e adulto: 403,33 €
 Taladro columga: 104,02 €
 Ferramenta Hooligan Tool orixinal de paratech: 402,93 €
 3 portais para o garaxe, acabado branco interior e gris exterior: 9.885,70 €
 2 monitores 24" LG LED FULL HD: 338,80 €
 1 PC lenovo: 793,52 €
 1 Impresora konica: 484,00 €
 2 altavoces estereo: 60,50 €
 2 ratos inalámbricos logitech: 36,30 €
 VALOR.....14.092,39 €

7.14.- SINALIZACION DO CONCELLO DE BRIÓN.

145 sinais verticais para a sinalización das aldeas do Concello de Brión, subministradas por Girodservices S.L. no ano 2022: 17.795,39 €
 VALOR..... 17.795,39 €

7.15.- CONTEDORES DE LIXO

16 módulos de madeira de 1,20 metros de alto e unha porta metálica, con postes e estrutura metálica, para facer un cerramento ao redor dos colectores do lixo da aldea de Gundín, Os Ánxeles: 3.751,00 €
 10 unidades de suxeita contedores inox, de 800 litros: 2.465,98 €
 10 unidades de suxeita contedores inox, de 340 litros: 2.273,46 €
 VALOR..... 8.490,44 €

7.20. SERVIZOS SOCIAIS

Webcam conception FULL HD con micro: 36,30 €
 Tablet lenovo: 232,92 €
 Portátil lenovo: 720,55 €
 Ventilador de pé tristar: 117,00 €
 13 paneis de placas fotovoltaicas: 6.992,75 €
 Sistema de aerotermia: 21.767,90 €
 VALOR..... 29.867,42 €
 TOTAL ALTAS.....2.001.055,06 €

BAIXAS

7.13. EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL

Ordenador Pentium procedente de oficina de urbanismo.....	0,00 €
Radio teléfono portátil, homologado IMO/GMDSS.....	592,90 €
Material para DESA:	
- Vitrina metálica con alarma e frontal de cristal.....	211,75 €
- Resucitador manual adulto completo.....	110,35 €
- Resucitador manual pediátrico completo.....	110,35 €
- Tesoira corta roupa de emerxencias.....	7,14 €
- Tarxeta de datos/memoria para Desa.....	169,40 €
Módulos de taquillas en plástico, sen portas e con patas.....	2.722,50 €
Destrutora Fellowes 63 cb.....	271,04 €
Total.....	4.195,43 €

7.20. NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

- Ordenador Asus Pentium IV3 ghz, disco duro 80 GB, lecto DVD, Teclado, rato, monitor de 17", impresora HP D5160 USB e Web Cam Logitech Quickcam Express, digital USB.....	1.285,28 €
- Plasma Philips-42 PF 5521 TDT e Sistema Home Cinema Kenwood SL 6230AW.....	2.697,99 €
- Impresora e scanner MFP BN 20ppm.....	2.346,65 €
Total.....	6.329,92 €

7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO

1 sillas paraguas reciclables.....	46,22 €
1 mueble estantería de 128x94x45 para colgar, dividido en cubos	235,95 €
1 mueble estantería de 130x60x22 para colgar, dividido en cubos	163,35 €
Total.....	445,52 €

7.20.- NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

2 sillas de color bali azul.....	0,00 €
Altavoces fonestar.....	499,00 €
1 impresoras lexmark A1320.....	54,01 €
1 impresora HP A3 Laserjet 1280:m.....	237,59 €
Total.....	790,60 €

1224006 TERREOS ADSCRITOS O CAMPO DE FUTBOL DE BASTAVALES

Instalación dun termo eléctrico modelo cabel, de 200 litros, vertical.....	605,00 €
Termo eléctrico Saunier Duval 80 l. Superconfort.....	459,80 €

Total..... 1.064,80 €

TOTAL BAIXAS..... 12.826,27 €

RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2022

Altas no ano 2022	2.001.055,06 €
Baixas no ano 2022	12.826,27 €
Inventario a 31.12.2021	40.458.017,83 €
Inventario a 31.12.2022	42.446.246,62 €

2º) Remitir copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate:

Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes ao grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2024.

Dada conta da proposta da alcaldía do 18.07.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 08.08.2023, que transcrita di:

Visto o Decreto 112/2023, do 29 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2024, publicado no DOG do 17.07.2023, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2024 as seguintes datas:

-. O xoves 9 de maio de 2024 (Día da Ascensión) e o venres 27 de setembro de 2024 (Santa Minia).

Debate:

Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE O POS+ADICIONAL 2/2023 (2ª FASE).

Dada conta da proposta da alcaldía do 31.07.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 08.08.2023, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Por esta alcaldía con data 28.06.2023, ditouse o seguinte decreto:

“ 1. Por acordo do Pleno do 08.02.2023 aprobouse a participación do concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2023" da Deputación da Coruña, aprobándose xunto ao Plan base o Plan complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostíbles que a continuación de indican, e aprobar os correspondentes proxectos:

1. Mellora do viario da aldea de Esparís a DP 1302 e outros, cun orzamento de: 178.028,20 euros.

2. Mellora do viario en A Telleira, cun orzamento de: 100.927,23 euros.

Total orzamento: 278.955,43 euros.

2. A Deputación da Coruña con data abril de 2023 remite circular comunicando que a achega que lle corresponde ao concello é de: 427.612,15 euros, informando que o concello poderá destinar esta achega provincial asignada ao financiamento de investimentos financeiramente sostíbles, ben aos incluídos no Plan complementario ao POS+2023 ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostíbles ou a gastos correntes.

3. A Deputación da Coruña con data xuño de 2023 remite circular sobre a elaboración do POS + Adicional 2/2023 para gasto corrente e investimentos financeiramente sostíbles por maior achega desa Deputación.

Considerando que o Pleno en sesión do 08.02.2023 facultou expresamente a alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do acordo e o correspondente expediente, ao abeiro das competencias desta alcaldía, resolvo:

1º) Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostíbles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+2023, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostíbles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Mellora do viario da aldea de Esparís a DP 1302 e outros.	178.028,20				178.028,20
Mellora do viario en A Telleira.	100.927,23				100.927,23
TOTAL	278.955,43				278.955,43

Maior achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2023	427.612,15
Maior achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023	278.955,43
Maior achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2023	148.656,72

2º) Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS + Adicional 2/2023, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.””

2. Resultando que para investimentos financeiramente sostibles foron solicitados: 278.955,43 euros, polo que queda pendente de aplicar a cantidade de:148.656,72 euros, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2023**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	-----

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	-----	-----	-----	-----	-----

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Pavimentación acceso a Gosende e outros.	148.656,72	135.010,91			283.667,63
TOTAL	148.656,72	135.010,91	-----	-----	283.667,63

--	--	--	--	--	--

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións q ue non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

		Concello			
POS+ ADICIONAL 2/2023			IVE	Total concello	Orzamento Total
2ª FASE	Deputación	Concello	Soportado deducible		
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	-----				-----
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	-----	-----	-----	-----	-----
Investimentos novos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	148.656,72	135.010,91	-----	135.010,91	283.667,63
TOTAL	148.656,72	135.010,91	-----	135.010,91	283.667,63

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro García García sinala que ímonos abster porque estamos en época estival e non é o mellor momento para aprobar isto, debería terse negociado antes, habería que ver cal é o estado real do Concello para ver se podemos facer un Brión mellor para todos.

O proxecto ven de xuño de 2022, e xa non hai posibilidade de negociar e se nós non nos sumamos aprobarase igual, iso non é negociar; en primeiro lugar ten que chamar vostede a alguén do PP para ver as necesidades e en función diso facer proxectos para que toda a veciñanza estea representada; na obra que se fixo en Gosende recentemente foi en quente e agora esta vai en asfalto en frío e non se nos explica porqué; por exemplo a aldea de Piñeiro leva asfalto en quente pero está todo con suciedade, non hai conservación, non sería máis correcto actuar na totalidade para melloralas de forma definitiva?, e por outra banda hai unha discriminación entre veciños, cando se vai igualar a todos os veciños neste tipo de servizos?

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que ímonos abster, coincidimos co dito polo PP, se tiña que ter falado xa con anterioridade, coa nova situación política que hai tense que negociar, será a forma de que o Concello poida xestionar correctamente, instamos ao goberno municipal a falar antes, non traer os proxectos xa pechados, facer os proxectos entre o que decida a maior parte da corporación, os criterios deben ser os de maior necesidade e ir mantendo un equilibrio no estado das infraestruturas das aldeas, e remata sinalando que se fale antes cos grupos da oposición para tentar facer as mellores actuacións.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que o proxecto xa estaba redactado e se fixo así por axilidade e para atender demandas da veciñanza, o nome do proxecto é pavimentación acceso a Gosende e outros, pero se trata de pavimentar o acceso a Gosende, a aldea de Pousada, a aldea de Esparís, a aldea de Forxán, a aldea de Mourentáns, a aldea de A Igrexa, Fonte Paredes-Pazos, pavimentación de viario dende Bemil ata Osebe, a aldea de Coruxido, a aldea Chave de Carballo, a aldea de Soigrex, a aldea de San Salvador (Soutullos), a aldea de Torre, accesos e aldea de Boaventura, a aldea de Ons, a aldea de Gosede, e a aldea de Bemil, e consideramos que este proxecto á a mellor opción para dar solución ás demandas realizadas polos veciños aquí no Concello.

O Sr. Concelleiro García García sinala que o que non queremos nós é que se pense que non queremos que se fagan obras no Concello, nós queremos que se fagan e sexan para mellor, cales son os criterios para actuar nunha aldea e non noutra?, porque por desgraza existen moitas aldeas en estado pésimo por falta de mantemento etc..., aí é onde nós podemos axudar ao goberno, que non pode actuar de maneira unilateral, que se consensúe, e por outra banda que non se limite só a pavimentar, que poden facerse máis cousas, e remata sinalando que os criterios de selección non son obxectivos e non sabemos cales foron.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira pregunta, vai seguir funcionando como ata agora o equipo de goberno?

O Sr. Alcalde sinala que o proxecto ven motivado polas peticións dos veciños e tamén reunímonos nas parroquias e temos falado con concelleiros de grupos municipais presentes aquí; todo é urxente pero hai que ir pouco a pouco, e remata sinalando que a partir de agora sentareime con vós para ver de facer as cousas, e respecto do tema do quente ou frío nós facemos o que di o enxeñeiro.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (3) e BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA SOBRE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE.

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.07.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 08.08.2023, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Con data 17.08.1992 o Concello asinou coa empresa ESPINA & DELFÍN S.L., con CIF: B-15026693, o contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, mediante concesión.

2. O prazo de duración do contrato é de dez (10) anos, prorrogables tacitamente por iguais períodos, agás denuncia por algunha das partes con tres meses de antelación ao vencemento do mesmo. O propio tempo o Concello poderá esixir ao contratista, á finalización do contrato, prórrogas de seis meses de duración e ata un máximo de dúas.(Cláusula XXI do contrato). A duración do contrato iría do 17.08.1992 ao 17.08.2002.

3. O Pleno do Concello en sesión do 03.03.1997 aproba unha primeira prórroga do contrato por un prazo de 10 anos, prórroga que iría do 17.08.2002 ao 17.08.2012.

4. O Pleno do Concello en sesión do 15.02.2001 aproba unha segunda prórroga do contrato por un prazo de 10 anos, prórroga que iría do 17.08.2012 ao 17.08.2022.

5. O Pleno do Concello en sesión de data 15.06.2022 acordou consonte co disposto na cláusula XXI do contrato aprobar unha primeira prórroga do contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, asinado coa empresa ESPINA & DELFÍN S.L., nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato inicial, polo prazo de seis meses que vai do 17.08.2022 ao 17.02.2023.

6. O Pleno do Concello en sesión do 08.02.2023 acordou consonte co disposto na cláusula XXI do contrato aprobar unha segunda prórroga do contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, asinado coa empresa ESPINA & DELFÍN S.L., nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato inicial, polo prazo de seis meses que vai do 17.02.2023 ao 17.08.2023.

Considerando que por razóns de interese público o Concello non pode deixar de prestar este servizo aos veciños, o que se xunta á necesidade da continuidade do servizo - e mentres non se seleccione ao novo contratista- que impón coactivamente a permanencia do anterior contratista.

En consecuencia, tendo en conta as mesmas consideracións respecto da esencialidade do servizo e a necesidade de continuidade da prestación en base ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, ao consideralo un servizo esencial, cuxa reserva se declara a prol das entidades locais no artigo 86.2 do mesmo texto legal.

O contrato vai rematar o 17.08.2023 e aínda que se ten iniciado un novo expediente de contratación, pola complexidade desta clase de expedientes tense contratado mediante a figura

do contrato menor a elaboración dos pregos cunha consultora, e polo exceso de traballo que pesa sobre a reducido cadro de persoal, e se entende que por razón do interese público, cal é o mantemento dun servizo público esencial, é necesario, de non existir a tácita recondución no ámbito da contratación administrativa, que se acuda a esta vía que ampara ao Concello para acordar a continuidade da prestación do servizo ata que o novo contrato sexa adxudicado.

Neste caso, esta necesidade e urxencia é especialmente relevante, posto que as corporacións municipais non poden deixar de asumir as súas competencias en materia de subministro de auga potable, máxime cando se trata do exercicio dunha competencia irrenunciable.

Non pode esquecerse que non estamos ante un contrato de obra ou subministro cuxo cumprimento se perfecciona coa entrega, estamos ante un contrato de prestación de servizos que non pode suspenderse sen que se deriven diso consecuencias importantes para o interese público.

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, establece o principio de continuidade na prestación do servizo para os contratos de xestión de servizos públicos, hoxe concesións de servizos, no artigo 288 a) ao sinalar que en caso de extinción do contrato por cumprimento do mesmo, o contratista deberá seguir prestando o servizo ata que se formalice o novo contrato.

Nesta liña, a mesma Lei establece no seu artigo 29.4 derradeiro parágrafo: Non obstante o establecido nos apartados anteriores, cando ao vencemento dun contrato non se teña formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se teña publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario ou, tratándose dun contrato baseado nun acordo marco ou un contrato específico no marco dun sistema dinámico de adquisición, se teñan enviado as invitacións para presentar oferta do novo contrato baseado ou específico polo menos quince días antes de a finalización do contrato orixinario.

Esta norma abre a posibilidade de que cando ao vencemento dun contrato aínda non se tivera formalizado o novo contrato ao finalizar o prazo concesional podería prorrogarse o contrato orixinario ata que empece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de 9 meses, sen modificar as condicións restantes do contrato.

Neste caso, non se da o suposto previsto na norma pois non foi publicado o anuncio de licitación cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de remate do contrato orixinario; poren, é de interese público, tal e como se ten argumentado nesta proposta a continuidade da prestación do servizo, pois supón o exercicio dunha competencia irrenunciable para a administración, ademais do prexuízo que para o interese público suporía a suspensión da prestación, que podería derivar en graves problemas no municipio, posto que o Concello non dispón de medios materiais e humanos suficientes para poder facer fronte de xeito eficaz e eficiente a dita necesidade, razón pola que se tiña acordado a externalización de dita prestación.

En todo caso, confirmar que a entidade ata de agora concesionaria do servizo, non se ten oposto a continuar as prestacións derivadas do contrato nas mesmas condicións acordadas no seu día.

Polo tanto, esta alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de xestión do servizo público domiciliario de auga potable a Brión, por parte da empresa ESPINA & DELFÍN S.L., nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato inicial, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato ou, no seu caso, establecemento dunha nova forma de xestión do servizo público.

2º) Notificar este acordo ao contratista para o seu coñecemento e efectos.

Debate:

O Sr. Concelleiro García García sinala que nós ímonos abster porque estamos ante un servizo esencial para os veciños, que na proposta hai multitude datos, prórroga de prórroga e é un problema que ven desde hai tempo e moitos concelleiros do PSOE que están aquí xa veñen do anterior mandato; se existe un contrato menor cunha consultora, canto prazo se lle deu?, hai cláusula indemnizatoria?; entendemos que levan doce meses para facer un informe e se nun ano non son capaces de facer iso que o digan, e finalmente dicir que cando interesa o Concello di que non ten persoal, non ten recursos, non ten inmobles, para xustificarse, pero noutras ocasións si que se fan as cousas, e remata sinalando que se clarifiquen as cousas coa consultora.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o período é 1992-2023, parécenos de risa, é un servizo público e o Concello foi incapaz para xestionar este expediente, que debe mellorarse o servizo de auga, que deben poñerse a traballar, que é un servizo básico o sabemos pero que o equipo de goberno parece que non, porque xa fai dous ou tres anos no goberno e tiveron tempo para axilizar os pregos, que o contrato menor debe axilizar o traballo e sinalar que se necesitan axuda poden acudir á Deputación e por todo iso ímonos abster.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que os contratos son públicos, que estimamos que estará adxudicado como máximo nun ano, e remata sinalando que temos moi pouco persoal pero se preocupan de que as empresas cumpran.

O Sr. Concelleiro García García sinala que sabemos que os contratos son públicos e que o tema da prórroga da prórroga parece de Groucho Marx; que prazo hai nese contrato menor?, non hai resposta; estará ou non estará dentro dun ano? vai estar si ou non?, que hai cousas que teñen preferencia sobre outras, hai que traballar máis niso, é un servizo esencial, corremos o risco de trasladar á veciñanza que non se preste o servizo, por iso abócanos á abstención.

O Sr. Alcalde sinala que nun ano vaise adxudicar o contrato; os pregos e estudo económico se fixo como contrato menor porque se elixiu unha boa consultora, pero demorouse, e en próximo pleno lles direi algo, eu o que quero é licitalo e rematar canto antes este expediente, pero non son doados estes pregos.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que calquera cousa que antes era pouco importante, hoxe cambiou, e se nun ano non está licitado nós votaríamos en contra pola incapacidade do Concello para tramitar este expediente.

O Sr. Alcalde sinala que unha obra que fai a Deputación no Concello levan sete anos para facela, todos nos equivocamos, eu comprométome a que dentro dun ano estará isto feito.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 6, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (6).

Votos en contra: 0.

